



CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A XUNTA DE GALICIA, A TRAVÉS DA CONSELLERÍA DE MEDIO AMBIENTE E ORDENACIÓN DO TERRITORIO, O CONCELLO DE LUGO PARA DOTAR DE EQUIPAMENTO ESCÉNICO Ó AUDITORIO DE LUGO.

Santiago de Compostela, 28 de decembro de 2017

REUNIDOS

Dunha parte D^a Beatriz Mato Otero, Conselleira de Medio Ambiente e Ordenación do Territorio da Xunta de Galicia, nomeada polo Decreto 148/2016, do 13 de novembro, no ámbito das competencias contidas no Decreto 167/2015, do polo que se establece a estrutura orgánica da Consellería de Medio Ambiente e Ordenación do Territorio, no exercicio das atribucións que lle confire o artigo 34 da Lei 1/1983, do 22 de febreiro, de normas reguladoras da Xunta e da súa Presidencia, para a formalización deste Convenio.

E doutra parte, D Lara Méndez López, Alcaldesa-Presidenta do Concello de Lugo que actúa en nome e representación do concello que preside, de conformidade co artigo 21.1, b) da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases de Réxime Local. As dúas partes recoñécense mutuamente, na calidade en que interveñen, capacidade legal suficiente para o outorgamento deste convenio e para o efecto,

EXPOÑEN

I. Segundo o disposto nos artigos 25 e 26.1 da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das Bases de réxime local e os artigos 80 e 81 da Lei 5/1997, do 22 de xullo, de Administración Local de Galicia, os municipios deberán prestar aos seus cidadáns os servizos públicos que contribúan a satisfacer as necesidades e aspiracións da comunidade veciñal.

II. De conformidade co establecido polo artigo 55.d) en relación co artigo 10.1 e 57 da Lei 7/1985, do 2 de abril e os artigos 187, 194 e 195.h) da Lei 5/1997, do 22 de xullo, correspóndelle á Comunidade Autónoma, a prestación da cooperación e asistencia activa que as entidades locais puideran precisar para o eficaz cumprimento das súas tarefas, podendo levar a cabo mediante subvencións eventuais ou continuas e a subscripción de convenios as relacións de colaboración e cooperación económica

III.- Con data de 4 de agosto de 2004, -modificado pola addenda nº 1 do 12 de decembro de 2005, nº 2 do 1 de setembro de 2006, nº 3 de 9 de xaneiro do 2009, nº 4 do 25 agosto de 2009, nº 5 do 22 de marzo de 2010, nº 6 do 17 de novembro de 2010, nº 7 do 11 de abril de 2013, nº 8 do 23 de abril de 2014 e nº 9 do 20 de xullo de 2015, a Xunta de Galicia e o Concello de Lugo asinaron o acordo de colaboración cuxo obxecto final é acometer e incorporar ao patrimonio público municipal o Centro Cultural-Auditorio de Lugo.



IV.- As obras atópanse finalizadas dende xuño de 2016, segundo o previsto na Addenda nº 9 do convenio, asinada en data de 20 de xullo de 2015.

V.- A contratación relativa ás obras finalizadas, non contempla as instalacións correspondentes ao *“equipamento escénico”* que serían un complemento necesario para unha posta en valor máis eficiente dunha infraestrutura de primeiro orde para a cidade de Lugo e a súa área de influencia.

VI.- Por parte do concello de Lugo ponse de manifesto o interese en que a infraestrutura do Centro Cultura-Auditorio sexa complementada coas instalacións de equipamento escénico para dispoñer dunha instalación acorde co requirimento dos cidadáns.

VII.- Atendendo á finalidade dos investimentos que pretende o concello, a actuación encádrase como obras de equipamento e mellora de espazos públicos, para dar cobertura ás necesidades da cidadanía e, polo tanto, susceptibles de recibir axudas da Consellería de Medio Ambiente e Ordenación do Territorio, a través do seu orzamento de gastos, competencia que está contemplada no apartado m) do artigo 10º.1 do Decreto 167/2015, do 13 de novembro, polo que se establece a estrutura orgánica da Consellería *“A realización de actuacións de mellora de contornas urbanas, de accesibilidade e supresión de barreiras arquitectónicas e de equipamentos públicos que teñan por finalidade a revitalización do territorio e o reequilibrio territorial”*,

En consecuencia, constatadas as necesidades, o seu interese público, os beneficios que se derivan para os habitantes de Lugo e a poboación da provincia en xeral; e tendo en conta o carácter singular da presente actuación, por parte da Administración autonómica considéranse que existen razóns de interese público baseadas no anteriormente exposto, que xustifican a instrumentación da colaboración técnica e financeira entre ambas administracións, que ten por obxecto o presente convenio.

VIII.- Todo isto, tendo en conta os acordos xa citados, o feito de que as instalacións de infraestruturas culturais -obxecto dos acordos anteriores e do presente convenio- constitúen un equipamento necesario para a cidade de Lugo e a súa zona de influencia, a concorrencia dos obxectivos de ámbalas dúas administracións asinantes, aconsella a subscripción deste acordo, para levar a efecto as actuacións necesarias e realizar as obras de *“dotación de equipamento escénico ao Auditorio de Lugo”* e a súa posta a disposición do uso público, de acordo coas seguintes

CLÁUSULAS

PRIMERA.- OBXECTO DO CONVENIO

É obxecto do presente convenio establecer as condicións básicas para a colaboración entre a Xunta de Galicia, a través da Consellería de Medio Ambiente e Ordenación do Territorio, e o Concello de Lugo, para levar a cabo as actuacións necesarias para a *“dotación de equipamento escénico ao Auditorio de Lugo”*, cun orzamento total de **tres millóns setecentos cincuenta e cinco mil cincuenta euros con dezaseis céntimos 3.755.050,16 €** -incluíndo os honorarios de redacción de proxectos, e dirección das obras.



SEGUNDA.- COMPROMISOS DO CONCELLO DE LUGO

Para o cumprimento do obxecto deste convenio, o concello de Lugo obrígase a:

a.- Realizar unha achega económica en contía equivalente á que debera aportar a administración autonómica en concepto de pago do Imposto de Bens Inmóveis relativo aos centros sanitarios ou sociosanitarios de titularidade pública autonómica que se citan de seguido, durante catro anos e sen prexuízo do establecido na cláusula décima do Convenio, para cubrir unha cantidade máxima de **3.755.050,16 €** euros. Trátase do Hospital Universitario Lucus Augusti, as Residencias de maiores Calzadas das Gándaras e a Milagrosa, e os Centros Rúa Fontelo e Fontiñas.

b.- Asumir a realización das xestións pertinentes, ante os organismos que correspondan, para a obtención dos permisos, licencias e autorizacións regulamentarias, correndo cos custos que se xeren, incluídos os equivalentes a calquera cantidade económica relativa á liquidación de calquera tipo de tributo municipal.

c.- Prestar aprobación ao proxecto técnico realizado pola Consellería de Medio Ambiente e Ordenación do Territorio nun prazo máximo de 15 días, contados dende a data de requirimento, así como á remisión de todos aqueles informes que resulten precisos para a licitación e contratación das obras. Noutro caso, a Consellería de Medio Ambiente e Ordenación do Territorio poderá deixar sen efecto os compromisos adquiridos no presente acordo, sen mais trámites que a comunicación ao concello.

d.- Antes da sinatura do presente convenio, o concello deberá achegar ao órgano de contratación da Consellería de Medio Ambiente e Ordenación do Territorio, os compromisos a que fan referencia os apartados anteriores.

e. Asumir as labores de mantemento da parcela e colaboración na vixianza do exterior do edificio a través da policía local, dende a sinatura do convenio, sen prexuízo do establecido na cláusula terceira apartado 3.

f.- Recibir o edificio existente do Auditorio, incluídas as obras realizadas ás que se refire o presente convenio, unha vez rematada a execución das ditas obras, asumindo a total xestión, explotación e conservación do edificio en cuestión, así como de todos os elementos que forman parte do edificio ou da parcela na que se localiza o Auditorio; todo elo na súa condición de titular do inmovible como parte do patrimonio público municipal.

g.- Contratar, dende a recepción do inmovible, na súa condición de titular, os subministros de electricidade, gas e abastecemento de auga potables, en substitución dos actualmente operativos de obra, e sufragar, pola súa conta exclusiva, os gastos de explotación, mantemento e condicións de funcionamento das edificacións e das instalacións as que se fai referencia no apartado anterior. Todo isto sen prexuízo do previsto na cláusula terceira apartado 3, do convenio.



**TERCEIRA.- COMPROMISOS DA CONSELLERÍA DE MEDIO AMBIENTE E ORDENACIÓN DO TERRITORIO**

Para o cumprimento do obxecto deste convenio, a Xunta de Galicia, a través da Consellería de Medio Ambiente e Ordenación do Territorio, obrígase a:

1.- Asumir o financiamento da actuación, cunha achega máxima de **tres millóns setecentos cincuenta e cinco mil cincuenta euros con dezaseis céntimos 3.755.050,16 €** dos orzamentos xerais da Comunidade Autónoma, nas seguintes anualidades:


Anualidade	Aplicación orzamentaria	Importe
2017	07.04.521A.203	30.943,00 €
	07.04.521A.221.00	12.092,20 €
	07.04.521A.221.01	6.000,00 €
	07.04.521A.227.99	30.410,71 €
2018	07.04.521A.203	34.269,36 €
	07.04.521A.221.00	13.392,11 €
	07.04.521A.221.01	6.645,00 €
	07.04.521A.227.99	33.679,85 €
	07.04.521A.608.1	3.587.617,93 €

2.- Levar a cabo, as actuacións consistentes na contratación da execución e dirección das obras, a xestión das mesmas ata completar a súa finalización, conforme aos proxectos aprobados e formalizar os actos de recepción de conformidade co estipulado no artigo 235 do Texto Refundido da Lei de Contratos do Sector Público aprobado polo Real Decreto Lexislativo 3/2011, do 14 de novembro.

As actuacións expresadas abarcan, se fose o caso, as execucións de proxectos modificados, complementarios, revisións de prezos e proxectos de liquidación ata que as construcións merezan a plena conformidade da Consellería de Medio Ambiente e Ordenación do Territorio, por producirse o acto formal de recepción e atoparse en condicións de ser entregadas ao concello de Lugo para a súa incorporación ao servizo e uso público.

3.- Coa sinatura do presente convenio, e sen prexuízo do sinalado na cláusula segunda apartado g), a Consellería de Medio Ambiente e Ordenación do Territorio asume neste intre a obriga de satisfacer todos os gastos pendentes que determinan as partes e que, neste intre ascenden a **79.445,91 €**, relativos a vixilancia exterior da parcela, e os subministros de electricidade, gas, abastecemento de auga potable, en substitución dos actualmente operativos de obra, producidos antes do acto formal de recepción das obras polo Concello. Asimesmo, asúmense custos polos mesmos conceptos para o ano 2018.

A devandita cantidade financiarase coas aplicacións e segundo a distribución prevista na cláusula 3ª, apartado 1.





4.- Unha vez producido o acto formal de recepción das obras de equipamento pola Consellería de Medio Ambiente e Ordenación do Territorio, esta poñerá en coñecemento do concello de Lugo, entendéndose que tal comunicación determina o nacemento da obriga asumida polo concello na cláusula segunda f) e g) precedente, sen prexuízo da posterior formalización da correspondente acta de entrega.

CUARTA.- RELACIÓN LABORAL

A subscripción do presente convenio non implica relación laboral, contractual ou de calquera tipo con carácter indefinido, entre os profesionais que desenvolvan as actividades e a Consellería de Medio Ambiente e Ordenación do Territorio, de tal xeito que non se lle poderá esixir responsabilidade ningunha, nin directa, nin subsidiaria, polos actos ou feitos ocorridos no desenvolvemento deste.

QUINTA.-COMISIÓN DE SEGUIMIENTO

Constituirase, a iniciativa de calquera das partes, para o impulso e seguimento das accións establecidas no presente convenio, unha Comisión, integrada por catro membros, dous por cada unha das partes asinantes.

Formarán parte pola Consellería de Medio Ambiente e Ordenación do Territorio, a persoa titular da Dirección Xeral de Ordenación do Territorio e Urbanismo ou persoa en quen delegue, e a persoa titular do Servizo de Obras e Supervisión de Proxectos; e o concello estará representado pola Alcaldesa ou persoa en quen delegue e o concelleiro responsable de obras e/ou infraestruturas.

SEXTA.- INTERPRETACIÓN

As dúbidas que se presenten na súa interpretación, en caso de discrepancias, serán resoltas, visto o informe da Comisión de Seguimento, pola persoa titular da Consellería de Medio Ambiente e Ordenación do Territorio, poñendo así fin á vía administrativa.

SÉTIMA.- NATUREZA DO CONVENIO

O presente convenio ten natureza administrativa e tramítase ao abeiro do Decreto 246/1992 do 30 de xullo, polo que se regulan determinadas condicións da execución de obras públicas en réxime de cooperación coas corporacións locais ou outros entes de dereito público. A xurisdición contencioso-administrativa será competente para o coñecemento de posibles cuestións litixiosas que poidan suscitarse como consecuencia do mesmo.



O presente convenio obriga ao cumprimento do expresamente pactado, someténdose as partes ao acordado en todas as estipulacións, aplicándoselle os principios do Texto Refundido da Lei de Contratos do Sector Público aprobado polo Real Decreto Legislativo 3/2011 do 14 de novembro, para resolver as dúbidas e lagoas que poidan presentarse (artigo 4.2).

OITAVA.- CAUSAS DE RESOLUCIÓN

Serán causas de resolución do convenio o cumprimento do seu obxecto, a inviabilidade da realización das actuacións descritas neste convenio por causas non imputables ás partes e o incumprimento de calquera das súas cláusulas.

NOVENA.- PUBLICIDADE

A sinatura do presente convenio suporá o consentimento expreso das partes asinantes para incluír e facer públicos os datos persoais que consten no convenio, e mailo resto de especificacións contidas no mesmo, de conformidade co artigo 15 da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno (DOG nº 30 do 15 de febreiro) e o Decreto 126/2006, do 20 de xullo, polo que se regula o rexistro de convenios da Xunta de Galicia (DOG nº 149 do 3 de agosto).

DÉCIMA.- VIXENCIA DO CONVENIO

O presente convenio producirá efectos a partir da data da súa sinatura e estará vixente ata o 31 de decembro de 2020, sen prexuízo da autonomía da vontade das partes asinantes para addendar o presente convenio a efectos de adaptar a súa duración, no seu caso, ao ritmo de execución das obras correspondentes, así como á realización dos compromisos do Concello contemplados na letra a), da cláusula segunda.

E para que así conste, en proba de conformidade coas cláusulas deste convenio, asinan as partes o presente documento, por triplicado exemplar, no lugar e data do encabezado.

A conselleira de Medio Ambiente
e Ordenación do Territorio

A Alcaldesa - presidenta do
concello de Lugo.

Beatriz Mato Otero

Lara Méndez López